

CONVOCATORIA PROGRAMA PIPE

A Secretaría Técnica da Cámara de Comercio de Lugo anuncia a apertura da convocatoria que ten por obxecto promover a participación no Programa PIPE de pequenas e medianas empresas da demarcación da súa demarcación.

O Programa PIPE ten coma finalidade contribuír á mellora da competitividade e fortalecemento empresarial mediante un conxunto de apoios organizados en varias fases, así coma un paquete de axudas e servizos, destinados a aumentar a base exportadora a través da internacionalización das pemes españolas.

As prazas convocadas son oito.

Este programa está organizado e dirixido polo esforzo conxunto do Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX) e o Consello Superior de Cámaras, coa colaboración das CCAA e as Cámara de Comercio.

Obxectivo: Apoiar a internacionalización das PEMES mediante as seguintes fases e instrumentos:

Fase primeira: Diagnóstico de posición competitiva e potencial de internacionalización

Fase segunda: Deseño do plan estratéxico de internacionalización

Fase terceira: Desenvolvemento e posta en marcha do plan de internacionalización

Perfil da empresa PIPE: O programa vai dirixido a pemes (segundo a definición da UE) que contando con produto ou servizo propio e con potencial exportador, non exporten ou que exporten menos dun 30 % da súa facturación total.

Financiación: A primeira fase non supón custo para a empresa, sendo financiada integramente polas institucións.

A segunda e terceira fase contan cun orzamento de 46.000 €. O 80 % deste gasto é financiado pola UE a través do FEDER (56%), o Instituto Español de Comercio Exterior (8%), a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia (8%) e a Cámara de Comercio de Lugo (8%)

Ademais, todas as empresas participantes no programa entran a formar parte do Club PIPE e poderán beneficiarse dunha serie de servizos, adaptados ás necesidades das novas empresas exportadoras, que ICEX pon a súa disposición a partir do inicio da segunda fase do programa.

Duración: O programa PIPE ten unha duración aproximada de dous anos

Solicitudes: As empresas interesadas poden presentar as súas solicitudes no Departamento de Comercio Exterior da Cámara de Comercio. (Teléfono: 982 284300; Fax : 982 244301; E-mail: relais@camaralugo.com).

O prazo estará aberto todo o ano, ata cubrir prazas vacantes.

Mais información: www.portalpipe.com ou www.camaralugo.com